

FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO [2023]

Axudas para fomento do emprego en colaboración con entidades sen ánimo de lucro, para contratación de persoas traballadoras desempregadas e mulleres vítimas de violencia de xénero desempregadas, para realizar servizos de interese xeral e social

Entidades beneficiarias

Entidades sen ánimo de lucro **inscritas*** na categoría de iniciativa social do RUEPSS a data de publicación da convocatoria, que dispoñan dun centro de traballo en Galicia cuxa **actividade principal** estea dirixida a desenvolver accións específicas nos seguintes ámbitos:

- persoas con discapacidade
- persoas en risco de exclusión social
- servizos comunitarios e igualdade
- persoas maiores, familia e menores
- infancia e mulleres

**Aberto prazo ata
11 de setembro**

**Orzamento
8.500.000 €**

 * Na data de publicación da convocatoria como na de achega da solicitude.

Contía dos apoios para a contratación

A contía dos apoios para a contratación de persoas desempregadas será en función dos seguintes grupos de cotización e importe:

**Máximo por
entidade:
210.000 €**

Grupo cotización	Importe máximo por mes**	Grupo cotización	Importe máximo por mes**
Grupo 1	2.715,00 €	Grupo 6	1.820,00 €
Grupo 2	2.450,00 €	Grupo 7	1.790,00 €
Grupo 3	2.145,00 €	Grupo 8	1.760,00 €
Grupo 4	1.872,00 €	Grupo 9	1.730,00 €
Grupo 5	1.850,00 €	Grupo 10	1.700,00 €

Adicionalmente concederáse un **incentivo á mobilidade xeográfica** de 180 €/mes por cada muller vítima de violencia de xénero contratada que cumpra os requisitos.


 ** Para contratacións a tempo parcial, os importes reduciranse proporcionalmente.

FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO [2023]



Requisitos xerais dos servizos a prestar

- ✓ Ser de **interese xeral e social**.
- ✓ Ser prestados pola entidade beneficiaria en réxime de **administración directa**.
- ✓ Favorecer a **formación e as prácticas profesionais** das persoas desempregadas.
- ✓ Executarse no ámbito da Comunidade Autónoma de **Galicia**.
- ✓ Formalizar os contratos **sen superar os 9 meses** se son a **xornada completa** ou se é con **xornada parcial (50% ou 75%)***** poderán estenderse **ata os 12 meses**, e en ambos casos serán **incompatibles co exercicio de funcións directivas** na entidade beneficiaria.

 *** Para mulleres vítimas de violencia de xénero os contratos serán **sempre de 12 meses** e iniciaranse no 2023.



Conceptos subvencionables

→ **Gastos salariais e de Seguridade Social** das persoas contratadas.

No suposto de **baixas temporais**:

- **Con substitución**: cubriranse os custos da persoa traballadora substituta.
- **Sen substitución**: reintegraranse os gastos salariais do período de baixa.

No suposto de **redución de xornada**:

- **Con contratación adicional**: cubriranse os custos ata completar a redución.
- **Sen contratación adicional**: reintegraranse os gastos salariais correspondentes á redución.



Límites á contratación

Establécense os seguintes **límites á contratación de persoas traballadoras**:

Tipo de entidade	Máximo de contratos	Ampliable
Con proxectos singulares***	9	14****
Autonómica con 3 ou máis centros de traballo, inscritos no RUEPSS e en 2 ou máis provincias de Galicia	6	8****
Autonómica distinto do anterior	4	-
Provincial con 3 ou máis centros de traballo	4	-
Provincial distinto do anterior	3	-
Comarcal ou municipal	2	-

Acceso á ficha da sede electrónica



Pulsa para acceder

VR 3107/2023

**** Son proxectos singulares os promovidos por entidades que cumpran, **como mínimo, unha das seguintes condicións**:

1. Prestar servizos no ámbito autonómico.
2. Prestar servizos a colectivos de máis dunha área de actuación (RUEPSS), no ámbito autonómico.
3. Prestar servizos e ter 100 ou máis profesionais no seu cadro de persoal.

***** En caso de dispoñibilidade orzamentaria. A entidade deberá cofinanciar o 30% do custo das persoas adicionais, que deberán estar contratadas a xornada completa durante 9 meses.